

Plan de normalización do galego.⁴ — O 22 de setembro do 2004 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o *Plan xeral de normalización da lingua galega*. A finais de xaneiro do 2005 presentouse oficialmente ese *Plan* (294 p.), en cuidada edición da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Trátase do maior esforzo lexislativo sobre o idioma desde que se aprobou a Lei de Normalización en xuño do 1983. O Plan contempla 445 medidas, algunhas realmente novidasas, como as relativas ás novas tecnoloxías, que para os redactores do texto son a clave do futuro da lingua, por consideraren que a actual diferenza entre linguas minoritarias e maioritarias será substituída por linguas con tecnoloxía ou sen ela. Presenta, ademais, grandes novidades verbo da tradición política da Xunta de Galicia, como son as medidas para o galego estremeiro (o falado no Eo-Navia, no Bierzo e nas Portelas), a referencia á necesidade de incorporar os inmi-

4. A la pàgina 564 hi ha la nota de les I Jornades de societat gallega a l'Autònoma "Galiza més enllà dels tòpics".

grantes ó galego ou lograr que o carácter plurilingüe do Estado sexa un feito recoñecido como natural na práctica da administración periférica do Estado. Non menos novedosa é a proposta de creación do Instituto de Lingua e Cultura Galega 'Rosalía de Castro' para a promoción da lingua e cultura galega no estranxeiro.

Despois de tantos anos de inexistencia de planificación lingüística e cunha política lingüística errática por parte da Xunta de Galicia, sen dúbida foi moi positivo que se presentase e aprobase no Parlamento un plan tan arelado; pero as carencias, inconcrecións e incoherencias que se detectan agoiran que este Plan dificilmente vai permitir cumprir os cinco obxectivos xerais que nel se establecen: a) garantir a posibilidade de que viva en galego quen así o desexe; b) conseguir máis funcións sociais e máis espazos de uso para o galego; c) introducir na sociedade a oferta positiva de atender en galego como norma de cortesía; d) promover unha visión afable, moderna e útil da lingua que esfarele prexuízos; e) dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para a vida moderna.

Con este Plan non se pretende facer do galego a lingua normal da sociedade, aínda que sexa en coexistencia do castelán, senón permitir que quen o desexe poida facer a súa vida en galego. Un plan deste tipo debería conter un único obxectivo: acadar a plena normalización do galego, entendida como parte dun proxecto colectivo, cultural e social; os outros, no mellor dos casos, habería que consideralos medios e non obxectivos.

Non se aprecia homoxeneidade, pois resulta incoherente que se lles esixa ós docentes o coñecemento do galego para o acceso á docencia en Galicia, pero non haxa tal esixencia para os profesionais da sanidade, para os que se prevé organizar "probos de competencia lingüística en galego, anuais e voluntarias, que, no caso de seren superadas, achegarán puntos adicionais aos baremos de contratacións, oposicións, traslados, etc". Nada se di da esixencia para o acceso a todo tipo de administración, cunha proba de galego eliminatoria, que debería ser a primeira en toda oposición, e non a derradeira como agora, pois convértea nun posible adorno prescindible. E tamén se debería esixir a xuíces, fiscais, secretarios de concellos...

Non se indican prazos nin prioridades para as diversas medidas, algunhas delas pouco realistas. Fálase de campañas en moi diversas áreas, pero sen compromisos temporais nin indicación dos responsables, que agardamos que se concreten e definan na programación anual do desenvolvemento do Plan, que ten que aprobar o Parlamento. Se non é así, todo pode quedar en auga de ovos.

O órgano encargado de aplicar o Plan vai ser a Dirección Xeral de Política Lingüística, que á hora de aprobarse estaba na Consellería de Educación. Despois das eleccións autonómicas galegas de xuño do 2005, o goberno bipartito do PSOE cos nacionalistas do BNG creou unha Secretaría Xeral de Política Política, adscrita á Presidencia da Xunta, medida ben atinada xa que ese órgano debe ter capacidade de coordinación e decisión sobre toda a administración autonómica e non só sobre o ensino, como pasaba ata agora.

O Plan presenta un detallado diagnóstico da situación do galego, aínda que mira moito para o pasado e pouco para o futuro; por outra parte, nótase desequilibrio no diagnóstico e nas propostas dos diversos sectores, e nalgunhas áreas as medidas deseñadas non están á altura do diagnóstico, como ocorre no caso da mocidade e da familia, cun diagnóstico realista pero medidas moi limitadas.

É moi positivo que no caso do ensino primario as medidas propostas pretendan que, polo menos, o 50% sexa en galego; pero tamén cómpre termos presente a maníña repercusión de tal porcentaxe na normalización do galego, en boa medida porque a infancia e a mocidade non ven que iso se corresponda co que encontran logo na sociedade xa que prensa, espectáculos, televisión... están maioritariamente en castelán. O ensino non universitario é sen dúbida un sector dos máis galeguizados, pero tamén é onde mellor se ve o fracaso da falacia do bilingüismo harmónico pre-

dicada pola Xunta de Galicia gobernada polo PP desde 1989: a pesar da Lei de Normalización a escola é un elemento máis castelanizador que galeguizador, como proba a alta porcentaxe de alumnado que ten o galego como primeira lingua, pero que no recinto escolar sempre ou case sempre usa o castelán na escrita (89%) ou cos profesores (51,4%), consonte cos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia da Real Academia Galega, encargado pola propia Xunta. [F. F. R.]